



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias setembro 2018

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia neste mes de setembro do ano 2018 acadou a cifra de 1.013.888 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de agosto de 2018 de 6.499 afiliacións (un -0,64%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.862.713, rexistrando un aumento do 0,12% con respecto ao pasado mes de agosto.

Na comparativa interanual (setembro de 2018 con setembro de 2017) obsérvase un incremento de 21.630 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,18%), e un incremento do 2,87% (526.552 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de agosto deste ano 2018, rexístranse os maiores aumentos en Madrid (1,41%), Canarias (1,30%), La Rioja (1,09%) e Castilla La Mancha (1,06%). Pola contra, entre as que presentan decrecemento destacan Illes Balears (-2,64%), Cantabria (-2,02%) e Asturias (-1,47%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámoslos en: Madrid, Canarias, Comunitat Valenciana, Andalucía e Murcia (todas elas con taxas superiores ao 3%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 2,87%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2018	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.862.713	22.899	0,12	526.552	2,87
Galicia	1.013.888	-6.499	-0,64	21.630	2,18
Andalucía	3.018.670	-6.645	-0,22	96.572	3,30
Aragón	566.272	-4.411	-0,77	12.431	2,24
Asturias	363.675	-5.422	-1,47	3.533	0,98
Illes Balears	561.224	-15.189	-2,64	15.551	2,85
Canarias	799.327	10.282	1,30	28.437	3,69
Cantabria	219.076	-4.517	-2,02	4.936	2,31
Castilla La Mancha	702.607	7.360	1,06	12.217	1,77
Castilla y León	919.384	-4.000	-0,43	12.900	1,42
Cataluña	3.385.164	9.763	0,29	82.792	2,51
Comunitat Valenciana	1.835.961	175	0,01	61.003	3,44
Extremadura	394.722	-2.584	-0,65	9.442	2,45
Madrid	3.126.990	43.394	1,41	122.625	4,08
Murcia	562.220	-5.081	-0,90	16.805	3,08
Navarra	281.340	925	0,33	7.796	2,85
País Vasco	940.047	3.713	0,40	14.988	1,62
La Rioja	127.335	1.370	1,09	508	0,40
Ceuta e Melilla	44.901	355	0,80	2.479	5,84

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de setembro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 3,10%, o que supón 10.685 afiliacións máis, seguida de A Coruña (1,98%) e Lugo (1,21%). A provincia con menor incremento relativo é Ourense, onde se rexistraron 1.068 afiliacións máis que en setembro de 2017, un incremento relativo do 1,04%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de setembro con respecto ás do mes de agosto de 2018, rexistrouse unha diminución en Galicia do 0,64%. Todas as provincias amosan datos negativos, producíndose o maior descenso en Lugo (-1,33%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2018	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	431.672	-2.352	-0,54	8.401	1,98
LUGO	123.334	-1.662	-1,33	1.476	1,21
OURENSE	103.697	-444	-0,43	1.068	1,04
PONTEVEDRA	355.185	-2.041	-0,57	10.685	3,10
GALICIA	1.013.888	-6.499	-0,64	21.630	2,18
ESPAÑA	18.862.713	22.899	0,12	526.552	2,87


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,9% das afiliacións galegas en setembro de 2018, diminuíron un 0,77% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,20%. En España estas taxas foron do 0,13% con respecto a agosto de 2018 e do 3,25% en relación ao mes de setembro de 2017. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,6%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,17%. Para este réxime e con respecto ao mes de agosto de 2018, estas taxas son igualmente negativas en todas as provincias. Temos así unha taxa do -0,30% para o conxunto de Galicia. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación positiva nos datos con respecto a agosto de 2018 (0,14%) e unha variación interanual tamén positiva con respecto a setembro de 2017 (1,16%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a setembro de 2017 son moi negativas en Lugo (-2,43%), sendo a taxa galega do -0,17%, superior ao dato de España (-0,35%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a agosto de 2018) temos comportamentos negativos (agás en A Coruña, cun dato moi positivo (6,32%)) e a taxa galega amosa así un aumento do 0,79% con respecto a agosto de 2018. A taxa nacional é do -2,34%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN SETEMBRO 2018	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	431.672	-0,54	1,98
LUGO	123.334	-1,33	1,21
OURENSE	103.697	-0,43	1,04
PONTEVEDRA	355.185	-0,57	3,10
GALICIA	1.013.888	-0,64	2,18
ESPAÑA	18.862.713	0,12	2,87
R. XERAL			
A CORUÑA	339.328	-0,75	2,71
LUGO	87.040	-1,71	2,68
OURENSE	79.502	-0,40	2,64
PONTEVEDRA	274.088	-0,59	4,14
GALICIA	779.958	-0,77	3,20
ESPAÑA	15.539.604	0,13	3,25
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.187	-0,19	-0,63
LUGO	34.727	-0,36	-2,13
OURENSE	24.195	-0,50	-3,89
PONTEVEDRA	67.162	-0,34	-0,33
GALICIA	212.271	-0,30	-1,17
ESPAÑA	3.253.670	0,14	1,16
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.156	6,32	-0,15
LUGO	1.568	-1,63	-2,43
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.935	-1,21	0,08
GALICIA	21.659	0,79	-0,17
ESPAÑA	67.271	-2,34	-0,35

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>